



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

Curso Académico: Curso 2019-2020

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2019-2020
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Finalizadas Curso 2019-2020
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (1ª Ed)
Mencións/Especialidades	-----
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	NON
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	06/07/2009
Data renovación acreditación	11/03/2015

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A titulación do grao de Xeografía e Ordenación do Territorio é titulación única no SUG e ofértase na Facultade de Xeografía e Historia da USC. A titulación implantouse no curso 2009/2010, e de acordo coas recomendacións do *Informe de avaliación do Plano de Viabilidade do Grao de Xeografía e co Plan de Viabilidade* levouse a cabo unha revisión do Título reforzando as súas fortalezas e paliando as súas debilidades para adaptalo o mellor posible ás necesidades da sociedade actual onde os coñecementos xeográficos son cada vez máis necesarios. A 2ª Edición do Título obtivo a acreditación o 5/8/2019 e comezou a súa implantación no curso 2019/2020. Nese mesmo curso xa non se ofertou o 1º curso da 1ª Edición, polo que moitos dos indicadores comentados neste informe corresponden aos cursos dende 2014-15 ata 2018-19.

A 1ª Edición oferta 55 prazas dende o curso 2015-2016. No ano académico 2019-2020 xa non se ofertou o primeiro curso ao iniciarse a implantación da 2ª Edición. No curso 2014-15 a taxa de ocupación foi do 63,33%, 72,73% en 2015-16, 70,91% en 2016-17, 80% en 2017-18 e no curso 2018-19 experimentou unha caída importante ata o 58,18% (IN12G), sen embargo no primeiro curso da 2ª Edición en 2019-20 a ocupación ascendeu ao 80% das prazas ofertadas.

Seguindo o indicado no párrafo anterior, o número de estudantes matriculados na totalidade do grao amosou unha tendencia crecente dende o curso 2014-15 ata o curso 2017-18, cun lixeiro descenso en 2017-18: curso 2014-15: 133 alumnos, 2015-16: 141 alumnos, 2016-17: 148 alumnos, 2017-18: 150 alumnos, 2018-19: 142 alumnos. Coa implantación da 2ª Edición no curso 2019-20, a matrícula foi de 101 alumnos correspondente aos cursos 2º, 3º e 4º (IN02G)

Entre o mínimo do 73.3% do curso 2017-18 e o máximo do 85% no curso 2014-15 dos alumnos matriculados por primeira vez no grao proceden das Probas de Acceso á Universidade, sendo o resto procedentes de Formación profesional, Traslado de Expediente ou Adaptación de Plans en Eextinción (IN03G).

A matrícula de novo ingreso por preinscripción se atopa en torno a unha media de 38 alumnos: 2014-15: 38, 2015-16:43, 2016-17: 39, 2017-18:45 novamente cun descenso no curso 2018-19 a 32 alumnos antes da desaparición do 1º curso da 1ª Edición (IN04G).

A nota media de acceso amosa unha tendencia crecente; 2014-15: 6.45, 2015-16: 6.91, 2016-17: 6.64, 2017-18: 6.93 e 7.89 no curso 2018-19 (IN06G), sendo sempre máis do 50% dos alumnos os que acceden con nota igual o superior a 6: 2014-15: 52.94%, 2015-16: 71.43%, 2016-17: 60.53%, 2017-18: 57.5% e 2018-19: 90.63% (IN07G).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas

modificacións.

- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Na actualidade os módulos e as materias que se ofertan no título de Xeografía e Ordenación do Territorio, tal e como figura na páxina web do centro e na publicación do BOE, correspóndense na súa integridade cos que aparecían na Memoria de verificación do título así como cos aspectos recollidos en modificacións realizadas ao longo destes anos, para adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe dunha maneira máis axeitada tanto as necesidades do alumnado como as dos docentes. (Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 385/2009 do 27 agosto (DOG 16/09/09) Data de publicación no BOE: 5 de marzo de 2010 <https://boe.es/boe/dias/2010/03/05/pdfs/BOE-A-2010-3679.pdf> Plano de estudos na USC:

<https://www.usc.gal/es/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12713&estudio=12714&codEstudio=12317&valor=9>

A maioría do estudantado do Grao procede de Galicia (en torno ao 98%), e soamente unha porcentaxe pequena procede corresponde a estudantes nacionais: (Datos: porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados: curso 2014-15: 3,76%; curso 2015-16: 3,55%; curso 2016-17: 2,03%; curso 2017-18: 3.33%, curso 2018-19: 2.11%) (Fonte: IN09G). A matrícula de estudantes extranxeiros tamén mantense en valores relativamente baixos, con algunha excepción coma o curso 2017-18 en que se acadou un 5.33%. No resto dos cursos dende 2014-15 mantense en torno a un 2-3% (curso 2014-15: 2,26; curso 2015-16: 1,42; curso 2016-17: 0,68; curso 2017-18: 5.33; curso 2018-2019: 3.52 IN08G). Incentivar a incorporación de alumnado foráneo, é un dos aspectos a mellorar nos vindeiros anos.

Con respecto aos programas de mobilidade, nos últimos cursos apréciase unha tendencia á alza. No curso 2012-13 foi un 1.56% os alumnos que se desprazaron, un 4% no curso, 2013-14, 2.26% en 2014-15, 2.84% en 2015-16, 3.38% en 2016-17 e un 5.33% en 2017-18 (IN17G). A porcentaxe de alumnos recibidos mediante programas de mobilidade experimentara unha redución nos cursos 2017-18 e 2018-19 (5.33% e 4.93%) respecto aos anos anteriores (entre 6.77% e 7.43% dende o curso 2014-15), pero amosa un novo aumento no curso 2019-20 cun 8.91% de alumnos recibidos (IN18G).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

O labor de coordinación entre o profesorado e unha práctica habitual que se incrementa co transcorrer dos cursos académicos, pois é imprescindible nunha modalidade fundamentada no ensino presencial baseado nas competencias, o que obriga ao estudantado –ao igual que ao profesorado– a desenvolver un papel activo. Esta coordinación prodúcese tanto de forma, vertical como horizontalmente, entre os docentes da titulación, coa fin de realizar unha distribución óptima da carga de traballo autónomo entre o alumnado ao mesmo tempo que evitar reiteracións de contados das diferentes materias.

Polo que respecta as programacións, (Fonte.- <https://www.usc.gal/es/centros/xehistoria/programas.html?plan=12713>) antes da súa aprobación pola Xunta de Facultade do Centro, son revisados e contan coa informe favorable da Comisión de título,

requisito que é imprescindible para a súa aprobación na Xunta de Facultade.

Outro dos labores de coordinación foi a realizada no campo dos horarios no que se imparten os estudos no que se mantén unha certa tendencia a estabilización con respecto aos anteriores cursos, no que se evita na medida de posible, a existencia de baleiros de cara a impartición das diferentes materias.

(Fonte: http://www.usc.es/es/centros/xehistoria/horario_cursos.html).

A programación das Prácticas de Campo realízase tentando potenciar a coordinación entre diferentes materias, sen por elo, procurar incrementar o número de horas de prácticas de campo, consideradas de suma importancia na titulación. A maioría realízase de xeito coordinado entre profesores de materias diferentes, conseguindo así entrelazar contidos, favorecendo asemade a interrelación entre estudantado de diversos cursos. Por esta razón, o calendario de prácticas optimízase en cada cuatrimestre evitando o solape de datas tanto.

Os labores de coordinación tamén se fan máis eficaces coa activación de diferentes aulas de coordinación existentes no Campus Virtual, tanto de cada un dos cursos académicos e os discentes da titulación.

Outro aspecto que debemos salientar son as reunións levadas a cabo pola Comisión da Titulación, ratificadas pola Comisión de Calidade do centro, na que figuran representantes do alumnado do título, nas que se debaten e aproban todas as cuestións relativas ao funcionamento, mellora e modificación que poida afectar a titulación. Dito o anterior, hai que apuntar que a elevada carga docente do profesorado restalle moito tempo a desenvolver estas actividades de coordinación tan necesarias no modelo educativo vixente na actualidade.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación comprenden a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A titulación non conta cun perfil de acceso específico, tal e como figura na web, aínda que se recomenda ter cursado o Bacharelato de Ciencias Sociais

(Fonte:

<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12713&estudio=12714&codEstudio=12317&valor=9>

Efectivamente, a maior parte dos alumnos proceden desta modalidade de Bacharelato, pese ao que, dende fai anos é patente que unha grande parte dos alumnos e alumnas que se matriculan no Grao descoñecen en boa medida a realidade do mesmo. Este é un problema derivado en boa parte da formación de Xeografía no curriculum de Primaria e Secundaria, e de que boa parte do profesorado de Secundaria non ten formación específica en Xeografía. Con todo, estase a realizar un crecente esforzo de comunicación, especialmente nas presentacións que se fan nos institutos, tratando de ampliar o espectro de potenciais alumnos aos que cursan outras modalidades de Bacharelato diferente á de Ciencias Sociais.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Toda a normativa se atopa recollida e dispoñible na web da Facultade, tanto a xenérica da USC coma os Regulamentos específicos de Traballos de Fin de Grado e Practicas Académicas Externas (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/regulamentos.html>). A normativa se aplica e se verifica por parte das comisións Académicas e de Calidade. Existe por tanto un seguimento escrupuloso e una millora constante dos regulamentos que afectan ao funcionamento interno da Facultade.

A aplicación da normativa repercute positivamente nos resultados xerais da titulación, tal e como se especifica nos Criterios 6 e 7, cunha alta satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN15G, IN19G, IN42G, IN46G, IN47G, In37G, IN50G, in53G)

Estes datos porcentuais cobran especial relevancia ao comprobar o número relativamente elevado de alumnas e alumnos que defenden publicamente e superan o TFG. Durante o curso 2019-20 o número de matriculados no TFG foi de 37, con 25 presentados; aprobando o 100% dos presentados e cun 44% que obtivo notas superiores a 8.

(https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados-2019_20.pdf)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre a titulación incrementouse e mellorouse nos distintos ámbitos da USC. Na páxina web da USC figura a información máis relevante sobre o título, así coma máis concreta na web da Facultade de Xeografía e Historia, e do Departamento de Xeografía para a súa difusión entre aquelas persoas interesadas, entendase o alumnado matriculado nos diferentes cursos ou os potenciais estudantes.

Web da USC: <https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xeografia-ordenacion-territorio>

WEB da Facultade de Xeografía e Historia:

<https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=17653&estudio=17654&codEstudio=16927&valor=9>

WEB do Departamento de Xeografía: <https://www.usc.gal/gl/departamentos/xeografia/grao.html>

Tamen se dispoñen de información dos programas desenhados para a captación de alumnado, como é o programa “A Ponte entre o ensino medio e a USC”, (Fonte.- <http://www.usc.es/aponte>) ou do programa de charlas informativas impartidas por profesorado do título nos seus centros de ensino dos futuros posibles estudantes, ou ben por medio dunha atención máis personalizada previa solicitude dos interesados. (Fonte.- <https://www.usc.es/gl/perfis/futuros/aponte/charlas-tematicas.html>). Así coma nos recentemente implantados Encontros Virtuais na USC (<https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais>)

Na páxina web do Departamento tamen é posible encontrar unha información útil referida por exemplo a saídas profesionais, cursos e seminarios ou liñas de investigación, entre outras. Ademais varias ligazóns facilitan o coñecemento de outros departamentos de Xeografía de España ou organismos de carácter xeográfico.

Na páxina web da Facultade, ademais da información para futuros estudantes, esta dispoñible a información detallada da titulación sobre os Programas das Materias, profesorado encargado... (<https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/programas.html?plan=12713>), dos horarios dos cursos (https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/horario_cursos.html) e tamén en formato PDF e de Excel (https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news_0010.html)

A información específica da Titulación sobre Traballos de Fin de Grao se atopa dispoñible na web da Facultade (<https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/tfg.html>), así coma os Regulamentos (<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Regulamento-TFG-Grao-en-Xeografia-e-Ordenacion-do-Territorio.pdf>). Tamén se dispón de información completa sobre as Prácticas Académicas Externas (PAE) (<https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/pae.html>) e do seu Regulamento (<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Regulamento-PAE-2018.pdf>).

Tamen outra das formas de difusión é a que se fai no momento en que os estudantes xa se atopan xa matriculados, destinada aos que están a cursar o primeiro ano da titulación. Así na primeira semana, faise unha sesión informativa polos responsables do Grao (Equipa decanal, Coordinadores de Grao e de Curso, dirección do Dpto...), na que se lles

explican os requisitos mínimos para a súa superación, as infraestruturas que poderan utilizar e o funcionamento do centro.

Finalmente, tamen na web do centro se informa dos acordos adoptados pola Xunta de Facultade (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/acordoxunta.html>), pola Comisión Permanente (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/acordocomision.html>) e da Comisión de Calidade (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/acordocalidade.html>)

En función disto, en relación cos criterios acadados polo título desde os primeiros anos da súa implantación, mantense un nivel de información pública e unha política de transparencia que é viable grazas a mellora dos sistemas de información da titulación, ao tempo que o sistema organizativo derivado da mellora dos sistemas de transmisión da información propician que o alumnado se mantena plenamente informado das cuestións que poden afectar de xeito directo a titulación.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio ten como marco de funcionamento o sistema de garantía de calidade da USC, que aínda que comeza no curso 2010-11, aos poucos se ha ir adaptando e simplificando (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/sistemacalidade.html>)

Mais en concreto, o Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio, achase sometido ao Sistema de garantía da calidade da Facultade de Xeografía e Historia, centro co que se vincula a titulación. Este sistema, conformado polo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos, foi modificado e aprobado pola Comisión de Calidade do Centro, a Xunta de Facultade e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno en decembro de 2019

Manual Simplificado: (<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Manual-simplificado-do-SGIC-do-centro-2020.pdf>)

Manual de Procesos e Procedimentos: (<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Manual-de-procesos-e-procedimentos-do-Sistema-de-Garantia-de-Calidade-2020.pdf>)

Sistemas que permiten recoller e analizar a información necesaria para identificar e detectar as fortalezas e debilidades do título, así como realizar accións de mellora e o seguimento dos diferentes procesos adoptados.

Xunto con estes documentos que garanten que todos os procesos referentes ao título se realicen de forma homoxenea, de tal xeito que se poden integrar con facilidade sistemas de mellora nas diferentes accións, ou a detectar posibles problemas que tenan lugar no marco do funcionamento cotiá do Grao

Dispónse dun sistema garantía que evolucionou, simplificándose e adaptándose a realidade da Universidade e que foi implantado de forma progresiva. Nestes momentos queda pendente de realización o Plan Estratéxico, en espera do deseno do novo da USC, así como a Mención de calidade da Facultade, o que implicaría un paso máis, ao tempo que facer unha simplificación do proceso, para acadar e garantir a calidade do propio centro e dos estudos que nel se imparten.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos

formulados.

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A valoración sobre a aplicación do SIGC é moi positiva xa que o sistema como se indicou, permite a detección de problemas, así como un seguimento real das diferentes medidas a adoptar para unha mellora efectiva do Grado de Xeografía e Ordenación do Territorio, así como a revisión e actualización, en caso de ser necesario dos diferentes procedementos cos que se actúa nel ou dos diferentes actores que participan nela. Pero esta cultura de calidade que é unha realidade nos títulos da Facultade de Xeografía e Historia e, en concreto no Grao de Xeografía e OT, se vai adaptando e simplificando coa elaboración de nova documentación que desde finais de 2019 entra en funcionamento.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A cultura de calidade atópase presente no centro no que se imparte o título de Xeografía e Ordenación do Territorio, así como nos diferentes centros relacionados coa a súa docencia, tal e como se evidencia na creación do Comité Consultivo Externo da Facultade de Xeografía e Historia (<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Comite-consultivo-da-Facultade-de-Xeografia-e-Historia.pdf>)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

A escaseza de recursos humanos e un dos graves problemas, xa case crónico, que afronta o Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio. O profesorado está sobrecargado, non só en créditos totais senón tamén no número de materias, o que se traduce frecuentemente na impartición de 5, 6. Cando comezou a impartirse o Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, o Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela contaba con 22 profesores. Destes, 21 eran funcionarios (catedráticos e profesores e profesoras titulares), e tan só había unha profesora asociada a tempo parcial.

Este cadro de persoal era responsable do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, do Master en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial e ademais impartía docencia noutros mestrados da Universidade de Santiago de Compostela (Master en Bioloxía Mariña, Master en Enxeñaría Ambiental, Master en Turismo)

No curso 2019-20 os recursos humanos do Departamento de Xeografía non presentaron unha mellora, antes ben presenta unha maior deficiencia, no senso de caracterizarse por unha menor proporción de profesorado estable e o incremento de profesores con contratos precarios, en varios casos a tempo parcial, así como contratos postdoutorais. Este novo cadro de profesorado está integrado por 3 catedráticos de universidade, 7 profesores titulares (incluído 1 adscrito ao campus de Lugo), 1 profesor titular en servizos especiais, 1 Axudante Doutor LOU, 1 Contratado Doutor 2 profesores interinos por vacante a tempo completo e 1 Profesor Interino a tempo parcial T3, ademais dos contratados postdoutorais e predoutorais.

A sobrecarga docente véese agravada porque moitos membros do profesorado desempeñan cargos de xestión académica (decano da Facultade, director e secretario do Departamento de Xeografía, coordinador do Master e Director do CETUR, director do CEER, etc.). A necesidade de desempeñar cargos como esixencia para o correcto funcionamento dos órganos colexiados e para a dinamización da investigación, aínda que en moitos casos conta cun recoñecemento de descontos docentes, consume aínda máis tempo a un profesorado xa de por si sobrecargado cos seus labores de docencia e investigación, nun contexto onde as esixencias burocráticas son cada vez maiores.

Todo isto hai que contextualizalo dentro duns niveis de calidade do profesorado certamente elevada. A maioría do profesorado do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio está encadrado dentro de grupos de investigación que contan cunha produción científica moi relevante, con numerosos artigos científicos indexados en JCR e Scopus, así como dirección de teses de doutoramento e proxectos competitivos. O Departamento de Xeografía está entre os 300 primeiros do mundo no ranking de Shangai e o terceiro de España por produción científica, por detrás dos

departamentos da UAB e da UB, se ben cuns medios e recursos humanos sensiblemente menores que estes dous citados.

En relacion co reconecemento das capacidades docentes do profesorado, e preciso sinalar que os recortes que se rexistraron nos ultimos anos no ambito universitario foron moi negativos para a estabilizacion docente. Como xa dixemos, o profesorado mais novo ten unha capacitacion sobresaliente, pero non ve reconecida a súa probada excelencia (a traves de acreditacions pola ANECA e a ACSUG) con posibilidades de promocion

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio que participa no título é suficiente para atender as necesidades do mesmo. Esta composto, tal e como figura na web do centro, por doce membros entre os que recaen as funcións de apoio e de xestión administrativa do Centro (persoal de administración e servizo 5; persoal de decanato.- 2; persoal de administración nos departamentos.- 3; persoal de xestión económica.- 2, complementándose co que desenvolve a súa actividade laboral na Biblioteca da Facultade, no que realizan o seu labor tanto persoal técnico como auxiliar (10 membros)

(Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/pas.html>)

Este persoal conta, ao igual que no caso do PDI, cun programa de formación propia (fonte.- USC: https://www.usc.gal/gl/servizos/plan_pas/formacion/index.html/), polo que presenta unha alta formación e experiencia. Boa proba neste sentido e o feito da satisfacción dos egresados cos servizos ofertados que, neste curso 2018-19 situouse no 2.56, significativamente por baixo do ano anterior (Datos.- *Grao de satisfacción dos egresados cos servizos.*; Curso 2014-15.-3.67; Curso 2015-16.-2,94; Curso 2016-17.-3,33; Curso 2017-18.- 4.33; Curso 2018-19, 2.56.33 (Fonte IN33G).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

A docencia do Grao desenvólvese na Facultade de Xeografía e Historia, Edificio que malia tratarse dunha construción histórica en fase de elaboración dun Plan Director, reúne as condicións adecuadas para a impartición do título. Esta condición de inmovible histórico patrimonial impón sen embargo serias limitacións nas posibles accións de mellora, sempre necesarias nas instalacións docentes, xa que nestes momentos estase a espera da súa rehabilitación e xestión integral.

O edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais e permite salvar os espazos as diferenzas de accesibilidade.

O edificio dispoñe de 19 aulas e 8 seminarios (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/infraestruturas.html>)

Todos os espazos docentes están dotados de equipos informáticos, canón de proxección, conexión a internet e conexión wifi. No contexto da situación por mor da pandemia, instaláronse ademais equipos de videoconferencia adaptados en boa parte das Aulas.

A estrutura do Grao en Xeografía conta con un Módulo específico de Teoría, métodos e técnicas instrumentais con 7 materias orientadas á formación inicial en técnicas instrumentais (manexo de equipos de campo, laboratorio...), de uso de software específico..., concentrado nos primeiros cursos para a súa aplicación nos Módulos seguintes.

Para elo cóntase cun Laboratorio de Xeografía Física (compartido con Prehistoria e Arqueoloxía) dotado de equipamento necesario para a docencia e investigación: 2 estufas, horno mufla, balanzas analíticas, axitador rotativo, campá de gases (que polas características do edificio tivo que instalarse de filtro sen saída ao exterior), pH-metro, axitador calefactable, destilador, xogos de tamices, 5 lupas binoculares e material de vidro e plástico). Boa parte do equipamento sen embargo xa conta con cerca de 15 anos, sendo previsible a necesaria substitución de algún dos equipos.

Cóntase con dúas Aulas de Informática, e recentemente se mellorou a instalación eléctrica no resto das Aulas para favorecer o uso de equipos portátiles polo alumnado.

A docencia no grao conta co software específico necesario para a docencia, especialmente Sistemas de Información Xeográfica mediante o convenio Site Campus asinado pola USC coa empresa ESRI, ademáis de software libre (QGis, SAGA, R...)

E importante remarcar que para a docencia do Grao en xeografía o Departamento de Xeografía dispoñía dun único receptor GPS con capacidade de corrección diferencial. Dito receptor averiuouse sen posibilidade de reparar por obsolescencia, e acvtualmente non se dispón de ningún equipo salvo o aportado por grupos de investigación, Polo que faise urxente a dotación de equipos novos e actualizados, imprescindibles para a formación e capacitación profesional dos alumnos do Grado. Do mesmo xeito, manter a calidade da formación impartida e a capacitación profesional dos alumnos precisa de dotarse de novos medios, especialmente dispor de sistemas de captura de datos fotograméticos mediante drones. Ambos equipos, actualmente non supoñen un custo excesivo, pero resultan imprescindibles para manter a calidade da docencia no Grao, ademáis de resultar útiles para outras das titulacións da Facultade (especialmente na formación en Arqueoloxía).

Igualmente, as Prácticas de Campo son unha parte importantísima da formación no Grao de Xeografía e O.T. As limitacións orzamentarias, sen embargo, levaron a unha redución progresiva da financiación dispoñible. Considérase altamente necesario incrementar nos vindeiros anos a dotación orzamentaria para as Prácticas de Campo na titulación.

Xunto con estas infraestruturas e recursos, tamen e necesario indicar neste apartado os servizos disponibles na facultade para que o alumnado poda realizar as practicas academicas externas en diferentes institucion, para os que se asinan mais de corenta convenios con diversas institucion publicas e privadas ou empresas de Galicia (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/pae.html>)

No referente a recursos bibliográficos, a Biblioteca conta con 447 postos de lectura, con máis de 137000 monografías, revistas e outro material (microfilms, audiovisual, mapas...). cCóntase ademáis co acceso ás coleccións de recursos dixitais de revistas en liña, libros electrónicos... (<https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/xehisto/>)

Todos os servizos de orientación académica e profesional, así coma os de atención (documentación, cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes,..) tanto da USC coma na propiua Facultade permiten ao alumnado orientarse en todolos aspectos académicos. A participación da Coordinación de Grao e de Cursos tamén mantén unha boa comunicación neste senso.

Do mesmo xeito que no ítem anterior, tamen e conveniente sinalar a boa valoración dos no indicador de Satisfaccion dos egresados cos servizos.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Todas as actividades, técnicas e metodoloxías que se empregan na docencia do Grao Xeografía e Ordenación do Territorio así como os sistemas de avaliación que se seguen, están vencelladas ás competencias que o alumnado debe obter en cada unha das materias da titulación e nos seus respectivos cursos. A información referida a estes aspectos especificáanse nas programacións das diferentes materias, no que figuran os obxectivos, contidos, bibliografía, competencias, metodoloxía do ensino-aprendizaxe, sistema de avaliación, tempo de traballo e recomendacións que o alumnado acada coa superación das mesmas (<https://www.usc.gal/gl/centros/xehistoria/programas.html?plan=12713>)

A organización en Módulos segue un criterio definido e ordenado, mantendo unha secuenciación nos contados e nas técnicas de análise. Así, o feito de que estas competencias estean encadeadas ao longo dos anos de formación do alumnado reflíctese no número de alto de TFG que os e as estudantes defenden, no que se acada niveis dun importante porcentaxe sobre o número de matriculados

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Traballos-defendidos-Grao-en-Xeografia-e-Ordenacion-do-Territorio.pdf>

A Tasa de Rendemento incrementouse progresivamente, dende 65.74% no curso 2014-15 ata o 81.27% no curso 2019-20, incremento detectado especialmente nos cursos 2º, 3º e 4º (IN34G). Igual tendencia ascendente amosa a Tasa de Éxito, cun 81.85% no curso 2014-15 ata un 92.26% no curso 2019-20 (IN35G), e na Tasa de Avaliación: 80.31 en 2014-15 e 88.09% en 2019-20 (IN36G).

Como xa se mencionou no primeiro ítem, actualmente está en marcha a implantación da 2ª Edición do Grao en Xeografía, no que se melloraron considerablemente os problemas detectados durante a implantación da 1ª Edición.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O comentado no item 1.4 sobre a desconexión entre o curriculum de Xeografía no ensino medio e a Titulación, e o descoñecemento derivado por parte dos alumnos sobre as características da titulación explican en boa medida a elevada porcentaxe de abandono que se rexistra no primeiro curso. Fronte á alta matrícula nos últimos anos en relación ás prazas ofertadas, é certo que se rexistra un abandono que inflúe nas taxas de graduación. A taxa de graduación amosa una notable variabilidade entre os cursos, aínda que xeralmente con valores baixos respecto á media da USC, cun mínimo de 20.37% no curso 2015-16 e un máximo de 50% en 2017-18, sendo de 27.78% no curso 2019-20 (IN37G), mentras que a Duración media dos Estudos é sempre inferior ás medias da Área de CC. Sociais e Xurídicas e do conxunto da USC, aínda que amosa un incremento dende os 4.33 anos en 2014-15 ata 5.05 en 2019-20 (IN38G). As Tasas de Abandono no primeiro curso seguen a ser altas comparando coas medias da Área e da USC, aínda que igualmente variables entre os cursos, dende un máximo dun 40.43% en 2014-15 ata un mínimo de 19.35% en 2018-19 (IN40G).

Si son altos as porcentaxes da Taxa de Éxito dos egresados, con valores sempre superiores ao 85% (IN50G) e da Taxa de Eficiencia ou rendemento dos egresados, igualmente sempre superiores ao 80%, cun máximo de 95.67% en 2015-16 e un mínimo de 83.33% en 2016-17, acadando o 87.12% en 2019-20).

A posta en marcha no curso 2019-20 da 2ª Edición do Grado espera correxir en boa parte iste problema, tanto pola reestructuración do Grado coa oferta de Módulos de Especialización, como polas estratexias de divulgación que se están a implementar, tratando de transmitir as características da titulación, e de ampliar o espectro de posibles alumnos no Bacharelato.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En xeral, todos os indicadores de satisfacción do alumnado son altos. Unha das vantaxes da titulación é que non existe masificación nas aulas, existindo unha media de alumnos nas aulas expositivas en torno a 30 (IN31G) e de 20-21 nas Interactivas (IN32G), o que sen dúbida facilita unha maior cercanía entre o profesorado e o alumnado, o que redundará na boa calidade da docencia. Por outra banda, se ben se comentou o grao de abandono, é igualmente certo que moitos alumnos descubren unha titulación que supera as expectativas que tiñan, cun nivel de aplicación e práctica moi alto.

O grao de satisfacción xeral coa titulación é coma noutros indicadores, moi variable, con cursos con notas por debaixo de 3 (2.7 en 2015-16, 2.41 en 2018-19) e cursos con notas cerca de 4 (3.98 en 2018-19) (IN42G).

Iste feito contrasta sen embargo coa alta satisfacción do alumnado coa docencia recibida, con notas mínimas de 3.82 no cursop 2014-15, pero cunha tendencia ascendente e sempre pro riba de 4 a partir de 2016-17 (IN46G). O anterior indicador se corresponde ademáis con un crecemento da participación nas enquisas, que dende valores de menos do 30% entre os cursos 2014-15 e 2016-17 crece ata acadar o 57% no curso 2019-20. Unha satisfacción igualmente é a indicada polo profesorado, con valoracións igualmente crecientes, en torno a 3.5 entre 2014 e 18, e superando o 4 en 2018-19 e 2019-20 (IN47G).

Por outra banda, valoracións igualmente altas son as manifestadas no que respecta aos programas de mobilidade que acadan notas de 4.6 en 2018-19, pero sempre por riba de 3 (IN15G), e as PAE, con notas sempre superiores a 4 (IN19G).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

O Colegio de Geógrafos de España ten elaborado varios informes sobre a situación laboral da profesion que inclue os diferentes ambitos laborais, a situación profesional asi como os nichos de mercado emerxentes e en crise. O ultimo destes informes, o de 2018 con 520 respostas, da conta para o conxunto de Espana dunha situación positiva sobre todo en ambitos relacionados cos Sistemas de Informacion Xeografica

<https://www.geografos.org/wpcontent/uploads/2019/04/Perfiles-de-Ge%C3%B3grafos-de-Profesionales-2018.-22-Marzo.-Asamblea.-AMP-UA.pdf>).

De acordo cos datos ofrecidos pola ACSUG o indice de insercion laboral e do 0,634 ocupando o posto 21, das trinta titulacions do campus de Santiago

(https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/indice_de_insercion_laboral.pdf)

E segundo a Area de Calidade da USC un 18.2% dos egresados da cohorte de 2014-15 se atopaba traballando ao cuarto ano despois de rematar a carreira, e o 57% catro anos despois (Indicador I14)

3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

PROPOSTA DE ACCIÓNS DE MELLORA

ACCIÓN 1:

Causas: escaso número de Prácticas de Campo na Titulación

Proposta: Fomentar o incremento no número de solicitudes de Practicas, a organización de Prácticas de Campo interdisciplinares e acadar un incremento notable no orzamento.

ACCIÓN 2:

Causas: carencia e/ou obsolescencia de equipamentos indispensables para a calidade da docencia

Proposta: Dotar ao Centro e a Titulación de equipos que na actualidade son imprescindibles para a formación dos alumnos e acadar as competencias necesarias dos egresados. Concretamente receptores GPS, drones para fotogrametría. Tamén será necesario unha renovación do equipamento do Laboratorio de Xeografía Física e Arqueoloxía

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501183_P.Ind_2019-2020
			2501183_INF.16_2019-2020
			2501183_INF.CiUG_2019-2020
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501183_P.Ind_2019-2020
			5075_INF.03_2019-2020
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e	Web do Centro

		obxectivos de calidade, manual e procedementos)	
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501183_P.Ind_2019-2020
			2501183_INF.04_2019-2020
			5075_INF.05_2019-2020
			2501183_INF.06_2019-2020
			2501183_INF.07_2019-2020
			2501183_INF.08_2019-2020
			2501183_INF.09_2019-2020
			5075_INF.10_2019-2020
			5075_INF.11_2019-2020
			2501183_INF.13_2019-2020
			2501183_INF.14_2019-2020
			5075_INF.21_2019-2020
			2501183_INF.22_2019-2020
			2501183_INF.23_2019-2020
2501183_Informe_de_indicadores_2019-2020			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501183_P.Ind_2019-2020
			2501183_Informe_de_indicadores_2019-2020
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e	2501183_E15_2019-2020

		investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5075_E16_2019-2020
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2019-2020
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501183_INF.13_2019-2020
			2501183_INF.14_2019-2020
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5075_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501183_INF.15_2019-2020
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global	2501183_P.Ind_2019-2020

		para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501183_INF.17_2019-2020 2501183_INF.18_2019-2020 2501183_INF.19_2019-2020 2501183_INF_SIIU_2019-2020 2501183_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	113	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501183_P.Ind_2019-2020 2501183_INF.CiUG_2019-2020 2501183_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	114	Resultados de inserción laboral	2501183_EIL-SIIU_2019-2020 2501183_EIL-ACSUG_2019-2020
1,4,5	115	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	2501183_P.Ind_2019-2020 2501183_Informe_de_indicadores_2019-2020 2501183_MedUSC_2019-2020

